

REDE EUSUMO

Información e comunicación



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL

SEPE



eusumo
Cooperativismo e Economía Social



Índice

1. **Presentación do documento.**
2. **Principais responsabilidades das persoas beneficiarias en materia de información e comunicación.**
3. **Referencia ao financiamento e disposición das marcas (logotipos).**
4. **Estrutura e contido mínimo dos materiais divulgativos.**

Presentación do documento

Coa idea de presentar as principais orientacións de información e comunicación (IC) sobre as actividades e traballos de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social que se realicen no marco das **axudas ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo**, ponse a disposición das entidades beneficiarias o seguinte documento explicativo tendo en conta as normas propias de publicidade dispostas na orde de convocatoria e dos requirimentos de seguimento e control da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Todas as accións de IC realizadas no marco das actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social e susceptibles de percibir axuda, deben observar un conxunto de normas básicas para non por en risco a subvencionalidade dos gastos correspondentes.

Neste sentido os materiais de IC deben incluír obrigatoriamente:

- Texto relativo a que as actividades se realizan no marco da Rede Eusumo
- Logotipo da Xunta de Galicia
- Logotipo do Ministerio de Traballo e Economía Social
- Logotipo da Rede Eusumo

Principais responsabilidades



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

Principais responsabilidades dos beneficiarios en materia de información e comunicación

- A realización das actividades será responsabilidade exclusiva das entidades solicitantes, se ben a consellería debe estar informada puntualmente e con suficiente antelación das circunstancias concretas da execución e reserva para si o dereito de solicitar información complementaria que considere oportuna, así como a comprobación de calquera aspecto relacionado con elas.
- Con carácter previo á realización das actividades para as que se concedeu a axuda, a entidade beneficiaria deberá poñer en coñecemento da Dirección Xeral de Trballo Autónomo e Economía Social, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través dun correo electrónico a economiasocial.emprego@xunta.gal, cunha antelación mínima de **5 días hábiles** ao seu inicio os seguintes extremos:
 - ✓ Nome das actividades
 - ✓ Datas de inicio e remate e o horario de realización
 - ✓ Planificación temporal das actividades
 - ✓ Relación nominal das persoas docentes/relatoras con especificación o seu DNI
 - ✓ Documentos de divulgación e difusión
- Sen prexuízo desta comunicación, a entidade informará das actividades previstas, coa antelación que estime oportuna para unha axeitada divulgación, á coordinación da Rede Eusumo, enviando un correo electrónico a eusumo.emprego@xunta.gal.

Principais responsabilidades dos beneficiarios en materia de información e comunicación

- A entidade deberá adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións que reciben axuda da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, nos termos establecidos na normativa vixente sobre actividades de información e publicidade. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado tanto na súa forma coma na súa duración e deberán cumprir as indicacións que ofrece este documento.
- Coa xustificación da axuda, a entidade colaboradora deberá achegar copia de todos os documentos de difusión xerados durante a execución dos proxectos e actividades, así como a documentación acreditativa da repercusión pública das accións executadas, cando proceda.
- Deberá remitir á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, con carácter mensual, o **documento de seguimento de accións e indicadores** das actividades realizadas no marco da Rede Eusumo, que se porá a disposición dos socios da rede.

[Descarga o documento de seguimento de accións e indicadores](#)

Referencia ao financiamento e disposición de marcas



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL

SEPE



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

Referencia ao financiamento e disposición das marcas (logotipos)

1. Todos os materiais de IC deben incluír obrigatoriamente un texto asociado a que as actividades se realizan no marco da Rede Eusumo e ao seu financiamento:

“Esta actividade enmárcase no programa da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social”.

2. Todos os materiais de IC deben incluír obrigatoriamente as marcas (logotipos) que se indican, coa seguinte disposición:

- **A marca Xunta de Galicia** sempre ocupará o espazo dereito por ir en convivencia con outros logotipos.
- **A marca do Ministerio de Traballo e Economía Social, á mesma escala** que a da Xunta de Galicia (mesma altura).
- **A marca da Rede Eusumo** reproducirase a unha escala dun 60% da altura da marca Xunta de Galicia.
- **A marca da entidade socia da Rede Eusumo responsable da organización da actividade** ocupará o espazo máis a esquerda, lixeiramente separado do resto de logotipos e á mesma escala (mesma altura) que a marca Xunta de Galicia.

En canto á orde de disposición das marcas, respectarase a seguinte orde (de dereita a esquerda): Xunta de Galicia, Rede Eusumo, Ministerio de Traballo e Economía Social, entidade socia da Rede Eusumo responsable da actividade.



Estructura e contidos dos materiais



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

Estrutura e contido dos materiais divulgativos

CARTEL


Identifícaranse os seguintes campos:

Título do programa
Lugar/data de celebración horario
Destinatarios
Puntos destacados e programa
Forma de inscrición
Contacto
Referencia ao financiamento
Marcas/logotipos

O deseño do documento será libre, non terá que obedecer gráficamente ao exemplo que se expón a continuación.

A disposición das marcas nos carteis obedecerán á mesma orde e escala descrito na páxina 6 deste documento, e situaranse de xeito "centrado" na marxe inferior do cartel.

Exemplo gráfico cartel



Estrutura e contido dos materiais divulgativos

DÍPTICO / TRÍPTICO/ FOLLETOS/ OUTROS DOCUMENTOS

Os textos, títulos e deseño gráfico da portada, interior e contraportada serán libres. Non obstante, debe incorporarse a referencia a que a actividade/publicación enmárcase na Rede Eusumo e unha breve descrición desta, segundo o sinalado na páxina 6 deste documento.

Ademais deben seguirse as seguintes prescricións:

Portada:

- Identificará como mínimo o título do programa/documento
- Levará a identificación ou logotipo da entidade colaboradora da Rede Eusumo

Contraportada:

- Incorporará a marca Xunta de Galicia, a marca da Rede Eusumo, a do Ministerio de Traballo e Economía Social, así como a da entidade socia da Rede Eusumo responsable da organización da actividade, na posición, orde e relación de tamaños sinalados na páxina 6 deste documento.
- Recoméndase incorporar textos informativos vinculados ás entidades responsables da actividade/publicación (web, correo electrónico, teléfono de contacto, enderezo ...)

Estructura e contido dos materiais divulgativos

EXEMPLO GRÁFICO PORTADA

Título do programa

TÍTULO
subtítulo

Texto explicativo

Texto

Logotipo entidade
colaboradora da Rede Eusumo

Logotipo
entidade socia




Estrutura e contido dos materiais divulgativos

EXEMPLO CONTIDOS


Texto referenciando que a actividade enmárcase no programa da Rede Eusumo e breve explicación da Rede.

Tamén pode incluírse na contraportada



Estrutura e contido dos materiais divulgativos

EXEMPLO CONTIDOS



▷ 4. Estrutura e contido dos materiais divulgativos

PARTE DE SINATURAS E FICHAS DE SEGUIMIENTO

Na cabeceira deben incorporarse a marca Xunta de Galicia, a marca da Rede Eusumo, a do Ministerio de Traballo e Economía Social, así como a da entidade socia da Rede Eusumo responsable da organización da actividade, na posición, orde e relación de tamaños sinalados na páxina 6 deste documento.

No pé debe incorporarse a referencia a que a actividade/publicación enmárcase na Rede Eusumo e unha breve descrición desta, segundo o sinalado na páxina 6 deste documento.

EXEMPLO PARTE DE SINATURAS

LOGOTIPOS



Logotipo entidade socia

Texto IDENTIFICATIVO



NOME E APELIDOS	NOME DA ENTIDADE	FIRMA

Referencia á Rede Eusumo e ao seu financiamento



Esta actividade enmárcase no programa da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Pódese descargar o modelo en: <https://www.eusumo.gal/asesoramento>

EXEMPLO FICHAS DE SEGUIMENTO

LOGOTIPOS



FICHA DE ALTA DE PROXECTO

Entidade socia da Rede Eusumo	
Proxecto de asesoramento conxunto con outra entidade	Entidade 1
	Entidade 2
Nome do proxecto	
Promotor	<input type="checkbox"/> Grupo promotor de nova creación <input type="checkbox"/> Entidade de economía social xa existente <input type="checkbox"/> Outra entidade mercantil
Municipio de constitución	
Correo de contacto	
Data de inicio do asesoramento	
Clase de entidade	
Sector da actividade	
Ídea do proxecto (150 caracteres máx)	
Persoas promotoras	Nome e apelidos:
	DNI
	Sexo:
	Data de nacemento:
	Lugar de procedencia:
	Estudos:
	Nome e apelidos:
	DNI
	Sexo:
Data de nacemento:	
Lugar de procedencia:	
Estudos:	
Nome e apelidos:	
DNI	
Sexo:	
Data de nacemento:	
Lugar de procedencia:	
Estudos:	
Etapa na que se atopa	<input type="checkbox"/> Presentación do proxecto e identificación dos perfís dos emprendedores <input type="checkbox"/> Deseño do modelo de negocio <input type="checkbox"/> Validación do modelo de negocio <input type="checkbox"/> Planificación estratéxica <input type="checkbox"/> Xestión de proxectos de economía social <input type="checkbox"/> Planificación operativa <input type="checkbox"/> Constitución da entidade
Sinatura promotores/as:	

Referencia á Rede Eusumo e ao seu financiamento



Esta actividade emérase no programa da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Os datos que se inclúen neste documento son de uso interno e para o análise de datos e indicadores de proxectos asesorados e tutorizados no marco da Rede Eusumo.

Pódese descargar o modelo en: <https://eusumo.gal/web/gl/asesoramento>

Estrutura e contido dos materiais divulgativos

DIPLOMAS DE PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

Na cabeceira deben incorporarse a marca Xunta de Galicia, a marca da Rede Eusumo, a do Ministerio de Traballo e Economía Social, así como a da entidade socia da Rede Eusumo responsable da organización da actividade, na posición, orde e relación de tamaños sinalados na páxina 6 deste documento.

No reverso do diploma identificarase o contido do programa tratado na actividade pertinente.

Estrutura e contido dos materiais divulgativos

MODELO DIPLOMA (anverso)

LOGOTIPOS →

DIPLOMA

Que acredita a participación de

XXXXXXXXX

con DNI xxxxxxxxxxxx, no curso “xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx” de xx horas de duración, que tivo lugar do día xxxxxxxx, organizado por xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx no marco das actividades desenvolvidas pola **Rede Eusumo** para o fomento do cooperativismo e a economía social.

Conforme, asina dixitalmente,

XXXXXXXXXXXXXXXXXX
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

 XUNTA DE GALICIA

 Xacobeo 2027

 MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL

 SEPE

 **eusumo**
Cooperativismo e Economía Social

▶ 4. Estrutura e contido dos materiais divulgativos

MODELO DIPLOMA (reverso)

Programa formativo

Módulo 3. xxxxxxxxxxxx

- xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
- xxxxxxxxxxxx

Módulo 3. xxxxxxxxxxxx

- xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
- xxxxxxxxxxxx

Módulo 3. xxxxxxxxxxxx

- xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
- xxxxxxxxxxxx

Módulo 4. xxxxxxxxxxxx

- xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
- xxxxxxxxxxxx





www.eusumo.gal

info@eusumo.gal